

DELAS FEST

FESTIVAL FEMINISTA INTERNACIONAL DE ARTE URBANA E CONTEXTUAL

I. INTRODUCCIÓN

Entre o 9 e o 15 de decembro a comarca de Santiago converteuse no epicentro do primeiro festival feminista de arte urbana e contextual de Europa. **Delas Fest**, organizado por 7H Cooperativa Cultural, desenvolveuse en distintos espazos da bisbarra coa participación de oito creadoras feministas que, desde diferentes disciplinas, sensibilidades e enfoques traballan desde unha concepción do espazo público como plataforma de expresión artística e intervención política.

Grazas á colaboración da Deputación da Coruña; a concellería de Igualdade do Concello de Ames; as concellerías de Igualdade e Benestar do Concello de Teo; a concellería de Cultura do concello de Santiago; e ao patrocinio de distintas empresas e entidades (Cuarto Pexigo; Pinturas PROA; Gadis; Fogar Natural; Infinita Viajes y Eventos, e Dinamo Mensaxería e Publicidade en Bicicleta), esta pioneira iniciativa celebrou a súa primeira edición coa aspiración de converterse nun referente internacional que sitúe a Galiza na vangarda da arte urbana diversa e con perspectiva de xénero.

A través dun completo programa de actividades, orientado a diversos públicos e no que se combinaron intervencións artísticas con obradoiros de creación e faladoiros arredor da situación da muller no sector, artistas e participantes cuestionaron, desde a práctica, o discurso historiográfico hexemónico, que continúa a subestimar e invisibilizar a traxectoria e obras das mulleres artistas.

O combate deste falso relato atópase na base do festival, xurdido como continuación do programa artístico-educativo **Elas tamén Pintan**, premio Begoña Caamaño á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero 2018. O proxecto, iniciado dous anos antes por 7H Cooperativa Cultural, comezou cun proceso de investigación articulado baixo a hipótese de que non só existen mulleres que se interesan e crean desde a arte urbana senón que os seus traballos non son de inferior calidade.

Tras esta existosa aproximación á arte urbana internacional desde unha mirada feminista, a primeira realizada no noso país, Delas Fest retoma a vontade de afondar na aposta pola reescritura da historia da arte urbana con perspectiva de xénero do **Elas tamén Pintan** mediante a construción dun espazo de encontro no que analizar as desigualdades presentes no sector e fomentar redes que faciliten unha igualdade efectiva.



OBXECTIVOS

Os principais obxectivos baixo os que se deseñou e desenvolveu o festival foron:

- Visibilizar a existencia das mulleres da arte urbana, poñer en valor o seu traballo e facilitar a súa incorporación ao sector profesional da arte.
- Reducir a discriminación das mulleres neste contexto e apostar pola eliminación dos estereotipos de xénero.
- Ofrecer un espazo de encontro onde analizar, de modo colectivo, as desigualdades presentes no sector e fomentar redes que faciliten unha igualdade efectiva.
- Reescribir a historia da arte urbana de modo colectivo e desde unha perspectiva de xénero.
- Consolidar a rede nacional de traballo en arte urbana e o discurso feminista que xorde en Galicia a raíz do programa Elas tamén Pintan, fomentando os vínculos coas demais comunidades autónomas.
- Establecer alianzas con iniciativas semellantes no resto do mundo (como o proxecto AMMURA en Arxentina)
- Converter o noso territorio nun referente da arte urbana feminista e contextual a nivel internacional, potenciando a imaxe de Galicia e España como destino cultural asociado á igualdade.
- Transformar as novas vilas e cidades dun modo igualitario, reivindicando a necesidade de que as mulleres ocupen o espazo público coas súas experiencias e creacións.
- Facilitar referentes, ferramentas e técnicas creativas ás mulleres máis novas ou non profesionais que lles resulten de utilidade para atopar unha profesión no ámbito da cultura.
- Difundir a arte urbana e o traballo das mulleres artistas grazas ás novas tecnoloxías de comunicación, situando á periferia de España no centro do mundo.



II. DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL


O programa de actividades do festival, comisariado pola historiadora da arte e especialista en xénero e creación contemporánea Clara Rodríguez Cordeiro (Ourense, 1983), estivo integrada por tres intervencións artísticas, unha xornada de faladoiros e dous obradoiros de creación. A continuación dáse conta dos resultados de cada unha delas.

INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS

O traballo das participantes no festival encargadas de realizar as intervencións artísticas tivo lugar, tal e como estaba previsto, en tres localizacións da comarca: Btoy realizou un mural na fachada da entrada ao Pavillón Polideportivo de Milladoiro (Ames); Dúo Amazonas entrevistou unha das paredes do túnel da estrada que conecta Luou con Solláns (Teo); e Lorena Cosba creou dúas instalacións na Casa do Matadoiro (Santiago).

Segundo o formulado na proposta de desenvolvemento, a primeira actividade na que participaron as artistas consistiu na reunión con distintas asociacións e colectivos dos tres concellos. Os encontros, formulados co obxectivo de facilitar ás artistas un achegamento á historia e idiosincrasia do contexto nos que se insiren os espazos a intervenir, resultaron fundamentais para que as participantes puideran poñerlle rostro, corpo e alma ao noso territorio.

A continuación, describimos o proceso creativo de cada unha das pezas.



MURAL NA ENTRADA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO MILLADOIRO - BTOY

A primeira actividade na que participou Andrea Michaelsson, coñecida coma Btoy, foi reunirse coas integrantes do Coro Son Elas, quen exerceron coma anfitroas na súa visita ao concello de Ames. Durante o encontro entre varias mulleres da agrupación musical e a artista, esta puido coñecer tanto a historia do coro coma as particularidades culturais e demográficas do municipio.

Tras esta primeira toma de contacto, a artista comezou un intenso traballo de practicamente unha semana de duración que deu como resultado a transformación das paredes da entrada ao Pavillón Polideportivo do Milladoiro nunha resposta artística á homofobia. A partir dun retrato a gran tamaño da activista trans Verónika Arauzo, a artista catalá creou un universo estético alegórico, con vivas cores de reminiscencias pop art, para reivindicar, como é habitual nas súas obras, a quen transgrede moldes.

A composición do mural, na que figura de Arauzo, creada con aires de “diva retro-futurista” libre de estereotipos está acompañada dunha cyborg, metáfora das mutación dos corpos e das identidades, visibiliza no espazo público a un colectivo, o trans e a unha loita, a feminista, que non se resigna nin á marxinação nin ao confinamento.


MURAL NO TÚNEL DA ESTRADA LUOU-SOLLÁNS (TEO) - DÚO AMAZONAS

Durante a primeira xornada do festival, o día 9 de decembro, as artistas de Dúo Amazonas, Lina Castellanos e Natalia Andreoli, visitaron o local da Asociación Cultural A Mámoa de Luou. O encontro permitiu á veciñanza exercer coma anfitriño, dando a coñecer ás artistas a traxectoria da asociación e, con ela, da propia parroquia, atendendo á súa historia, pasada e recente.

Tras realizar o encontro, as artistas, influídas polas persoas coñecidas e as historias que estas lles relataron, realizaron o bocexo do mural. O resultado, tras seis días de intenso traballo, foi a conversión do gris túnel da estrada que conecta Luou e Solláns nunha fermosa mullerenaxe ás labregas e as expresións culturais arraigadas na identidade do noso territorio rural.

Inspiradas na historia das teenses Aurora e Manuela Liste Forján, Lina Castellanos e Natalia Andreoli realizaron, co seu característico estilo realista, unha composición mural que reivindica os oficios feminizados do mundo campesiño a través do retrato de catro pandeireteiras e unha vendedora de leite, conectadas coa frase “espertade, irmás, que xa pasaron as leiteiras”.

Un marabilloso labor artístico que, enraizado no contexto, visibiliza o aínda esquecido e desprezado rol das mulleres no sostemento do rural, tanto no traballo produtivo e reprodutivo coma na conservación dos costumes e modos de vida tradicionais.



INSTALACIÓN NA CASA DO MATADOIRO (SANTIAGO) - LORENA COSBA

Ao igual que nos xa mencionados murais, a fotógrafa aragonesa Lorena Cosba iniciou o proceso de creación da súa obra cunha reunión formulada como toma de contacto e aproximación ao contexto feminista compostelá. Á xuntanza, realizada o martes 10 de decembro na Casa do Matadoiro, acudiron integrantes de colectivos feministas que empregan este centro social autoxestionado e/ou teñen nel o seu espazo de actividades, como Tamborililás - Batukada Feminista, SomdoLilá e o grupo de autodefensa feminista. O diálogo xurdido arredor da situación do feminismo na cidade e da actividade do centro serviu á artista como ingrediente para crear as súas instalacións artísticas, elaboradas ao longo da semana en diversas fases.



En primeiro lugar, Cosba realizou o retrato fotográfico individual de 10 persoas usuarias e/ou vinculadas á Casa do Matadoiro en 9 fotografías nas que procurou capturar sinais de identidade particulares tanto a través de primeiros planos coma de retratos de corpo enteiro. Trala impresión de cada fotografía en branco e negro nunha tira de papel horizontal de 6,50 por 1,50 dimensións, nas que as imaxes se dispoñen unha tras outra en ringleira, a artista interveunas a partir do bordado con fíos de la.

O entrelazamento de cada unha das fotografías, metáfora da rede de sororidade, coidado e unión polas que aposta o feminismo, completouse cun espazo de reflexión, aínda aberto á participación, no que as persoas usuarias do Matadoiro penduraran dos extremos colgantes dos bordados as súas inquedanzas e desexos.

Finalmente, nas ventás situadas na fachada e un dos laterais do edificio, con vistas á Praza do Matadoiro, Cosba situou catro pares de ollos, impresos tamén a gran tamaño e en branco e negro, co obxectivo de facilitar á obra a súa transcendencia máis alá dos límites do edificio e, por tanto, despertando a atención de transeúntes e veciñanza.

A instalación, nada coa decisión deliberada de ter un carácter efémero, permanecerá no edificio até que as propias usuarias da Casa do Matadoiro decidan retirala.



III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Obradoiro de introdución á arte urbana de guerrilla

Dirixido por: Vegan Bunnies co apoio de 7H Cooperativa Cultural.

Participantes: 15 persoas (todas as prazas cubertas)

Datas, horario e localización: 11 e 13 de decembro de 17 a 20h. na Casa do Matadoiro de Compostela.

O obradoiro de introdución á arte urbana de guerrilla organizouse coa vontade de achegar as posibilidades da arte urbana como ferramenta que democratiza a expresión e intervención no espazo público a partir da experiencia dunha grafitera e activista de recoñecida traxectoria: Vegan Bunnies.

Durante as dúas tardes nas que se desenvolveu a actividade, construíuse un espazo de confianza e aprendizaxe colectiva no que as participantes compartiron recursos e técnicas para intervir a rúa como soporte de expresión artística e política tanto a partir do emprego de recursos básicos (xornais, cartóns, rotuladores, pinturas, cola...) como a través do emprego do spray seguindo a técnica do grafiti.

O entusiasmo das persoas presentes na actividade, de perfís variados mais co común denominador do interese pola arte de rúa e/ou o activismo feminista, unido á implicación da artista encargada de impartir o obradoiro, deron lugar a dinámicas con resultados moi estimulantes e que mesmo cobraron relevancia pública.

Na primeira xornada de obradoiro a creación do cancelo #vaifaceracea en adhesivos e carteis espallados por distintos espazos da cidade de Santiago como intervención artística de resposta aos comentarios machistas dun home que interrompeu a performance “Un violador no teu camiño” na Praza do Obradoiro, suscitou múltiples reaccións en redes sociais, sendo apropiada e reproducida por persoas alleas ao obradoiro.



Na segunda xornada do taller, as participantes avanzaron na aproximación ás técnicas da arte urbana a través do emprego de spray. En base ás temáticas sobre as que xirou tanto a conversa colectiva como as creacións realizadas durante o tempo compartido coas persoas inscritas no obradoiro, Vegan Bunnies realizou o bocexo dun grafiti de mediano tamaño nunha das paredes interiores da Casa do Matadoiro. De forma colaborativa, as participantes encargáronse de finalizar e perfeccionar os trazos das figuras e do texto da composición, así como de darlle cor. O resultado é un mural que emula a performance colectiva iniciada en Chile polo colectivo “Las Tesis” para denunciar a violencia estrutural do patriarcado sobre as mulleres.

Xornada de conversa e debate “Onde están as mulleres na arte urbana?”

A xornada de faladoiros “Onde están as mulleres na arte urbana”, celebrada o xoves 12, entre as 18 e as 21:30h. na Casa das Mulleres Xohana Torres de Santiago de Compostela, procurou combater as desigualdades existentes no relato sobre a situación do sector. O evento, no que se completou o aforo dispoñible, contou coa participación, ademais das encargadas de realizar as intervencións artísticas no marco do festival, doutras catro artistas do ámbito galego e peninsular.

Logo dunha presentación introdutoria na que Clara Rodríguez Cordeiro achegou información de relevancia para a contextualización, tanto cualitativa coma cuantitativa, do panorama da arte urbana galega desde unha perspectiva de xénero, Lara Seixo Rodrigues, curadora e produtora de eventos de arte urbana portuguesa, foi a encargada de inaugurar a xeira de faladoiros. Tras realizar unha exposición detallada dos distintos proxectos que levou e leva adiante, coma o Estarreja, Fazunchar ou o Lata 65, tomou a palabra a grafiteira Vegan Bunnies, quen achegou a súa perspectiva a pé de rúa, como artista acostumada a sortear os perigos derivados de transgredir, deliberadamente, os límites impostos pola lei nun espazo público rexido polo patriarcado.

Finalmente, conformouse unha interesante conversa a varias bandas e con activa participación do público na que, Natalia Andreoli e Lina Castellanos, de Dúo Amazonas; Lorena Cosba e as galegas Lupita Hard e Iria Fafián expuxeron as súas experiencias arredor dos condicionantes, case sempre traducidos en obstáculos, que impón o xénero á hora de traballar na rúa.

Entre o público, conformado por unhas 30 persoas, estaban tanto profesionais do sector, coma representantes de administracións públicas e persoas interesadas na disciplina. De forma maioritaria, as presentes trasladaron os seus parabéns polo enfoque e temáticas abordadas, enfatizando a necesidade de que foros como o organizado tivesen lugar.



Obradoiro Elas tamén Pintán: introdución á arte urbana

Dirixido por: 7H Cooperativa Cultural

Participantes: 10 persoas

Datas, horario e localización: 14 de decembro de 9 a 15h. nas Galerías Prazas do Ensanche de Santiago de Compostela.

Este obradoiro, desenvolto por 7H Cooperativa Cultural xunto con ex alumnas do programa artístico-educativo Elas tamén Pintan, permitiu o achegamento ás técnicas do muralismo a partir dunha demostración práctica e colaborativa realizada desde unha perspectiva de xénero. Dirixido tanto á mocidade interesada en iniciarse na arte urbana como a persoas con inquedanzas artísticas, consistiu na exploración das posibilidades do muralismo a pequena escala a partir dun bocexo inicial que foi modificado a partir da achegas das participantes. Sobre unha parede dunha das entradas máis frecuentadas das galerías comerciais, o grupo, conformado por persoas de distintas idades e perfís, elaborou unha composición na que reflectiron o pasado, o presente e os desexos de futuro para este espazo comercial, atendendo especialmente ao rol da muller dentro das dinámicas do mercado.



IV. PLAN DE COMUNICACIÓN E REPERCUSIÓN MEDIÁTICA

Co propósito de alcanzar a maior visibilidade e impacto social posibles, a comunicación concibiuse como un dos eixos fundamentais da proposta desde o momento do deseño do festival. Así, desenvóléronse accións comunicativas con anterioridade ao comezo ao evento, co fin de anunciar a súa celebración e captar a atención de medios e potenciais públicos; durante a celebración do mesmo, dando conta dos avances de cada de unha das actividades; e trala súa finalización co fin de informar dos resultados.

En canto ás iniciativas realizadas antes do inicio do Delas Fest, pódese destacar:

- Presentación pública na Feira das Industrias Culturais (CulturGal) dentro do programa de actividades do stand de Economía Social de Galicia.
- Elaboración de nota de prensa e envío tanto aos gabinetes de prensa e/ou persoas responsables da comunicación das administracións implicadas como a medios de comunicación locais, comarcais e galegos.
- Realización de roldas de prensa de presentación do festival nos concellos de Ames e Teo.
- Información diaria nos perfís de 7H e do Delas Fest en Twitter, Facebook e Instagram relativa aos horarios, datas e procesos de inscrición das actividades e á biografía das artistas participantes.
- Envío de información a través de correo electrónico a público potencial das distintas actividades.
- Paseos publicitarios polas rúas de Compostela nunha bicicleta cedida pola empresa colaboradora Dinamo.

Tanto durante a súa celebración como unha vez finalizado, o festival suscitou unha importante atención mediática, tanto en medios de comunicación impresos e audiovisuais coma nos de ámbito local e galego. A continuación, enuméranse as distintas pezas informativas e reportaxes centradas no festival, coa correspondente ligazón de acceso a cada unha delas:

- Reportaxe en culturagalega.gal, web de información cultural do Consello da Cultura Galega, o 29 de novembro de 2019: <http://culturagalega.gal/noticia.php?id=30509>
- Peza informativa nas páxinas da comarca de Santiago de El Correo Gallego o 1 de decembro de 2019: <https://www.elcorreogallego.es/area-de-compostela/ecg/chega-tres-concellos-compostela-festival-feminista-arte-urbana/idEdicion-2019-12-01/idNoticia-1216576>
- Entrevista para o magazine “Somos Ames” de Radio Ames á comisaria do festival Clara Rodríguez Cordeiro o 9 de decembro de 2019.
- Entrevista para o programa “Voces de Compostela” de Radio Voz á comisaria do festival Clara Rodríguez Cordeiro o 9 de decembro de 2019.
- Entrevista no Diario Cultural da Radio Galega á comisaria do festival Clara Rodríguez Cordeiro o 9 de decembro de 2019: <http://www.crtvg.es/rg/a-carta/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-09-12-2019-4224464?t=88>
- Entrevista para o programa “Más de uno Compostela” de Onda Cero Galicia á comisaria do festival Clara Rodríguez Cordeiro o 9 de decembro de 2019: https://www.ondacero.es/emisoras/galicia/santiago/audios-podcast/mas-de-uno-compostela-09122019_201912095dee465e0cf29389df9c10ac.html
- Peza informativa na web Compostela24horas.com o 9 de decembro de 2019: <https://www.compostela24horas.com/texto-diario/mostrar/1653506/xa-conecen-horarios-e-lugares-nos-desenvolveran-as-actividades-do-delas-fest>
- Reportaxe nas páxinas da sección comarcal de Santiago de La Voz de Galicia do 11 de decembro: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/teo/2019/12/10/legado-elas-tamen-pintan-regresa-santiago-ames-teo/0003_201912S10C69918.html
- Peza na sección de Cultura de Sermos Galiza do 11 de decembro de 2019: <https://www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/delas-fest-feminismos-tomanmuros/20191211180011088181.html>
- Peza informativa na páxina web de EspazoCoop - Unión de Cooperativas Galegas: <https://espazo.coop/novas-do-coperativismo/arrancou-o-delas-fest-primeiro-festival-de-arte-urbana-feminista-de-europa/>

- Reportaxe nas páxinas da sección de Galicia de Faro de Vigo do 12 de decembro de 2019: <https://www.farodevigo.es/sociedad/2019/12/12/arte-urbano-perspectiva-genero/2216362.html>
- Crónica da xornada de conversa e debate do Delas Fest en nostelevision.gal: <https://nostelevision.gal/delasfest-arte-de-rua-feminista-na-comarca-de-compostela/>
- Reportaxe de apertura do programa Zigzag Diario da TVG do 13 de decembro de 2019: http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/zigzag-diario-4231270?t=57&fbclid=IwAR3CSMDwgpcnkl4j9_OJxaDICMJvn3ouZsTHqPVXS45dGheDm66c1SNQznk
- Reportaxe na sección de Cultura da edición online de Sermos Galiza do 20 de decembro de 2019: <https://www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/delas-fest-feminismos-conquista-muros/20191219182912088642.html>
- Reportaxe nas páxinas da sección de Santiago de La Voz de Galicia do 13 de xaneiro de 2020: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/ames/2020/01/13/compostela-pinta-feminista/0003_202001S13C2991.htm

Ademais, o festival tamén xerou unha importante actividade en redes sociais. Por unha banda, alén dos perfís propios, nos da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, de Compostela-Territorio das Mulleres, ou do Proxecto Laces, difundiron información sobre o festival. Por outra, cabe sinalar que tanto no perfil de 7H Cooperativa Cultural como no do propio festival en Facebook, Twitter e Instagram rexistráronse altos niveis de actividade (interacción, número de “gústame”, número de post compartidos, etc), bastante superiores aos habituais, grazas a unha actualización constante coa documentación audiovisual realizada nas distintas actividades.

En canto ás accións comunicativas realizadas tras finalizar o festival, pódense destacar:

- Publicación en redes sociais do material audiovisual xerado ao longo do festival, con información sobre cada unha das intervencións artísticas e das actividades desenvoltas.
- Elaboración dunha memoria de actividades para as administracións e patrocinadores que a soliciten.
- Redacción dun dossier para enviar a medios especializados co obxectivo de maximizar o impacto e chegar a públicos especializados.
- Elaboración dun vídeo-resumo do festival para a súa difusión en Youtube.

V. COMITÉ DE XÉNERO

Co fin de garantir a rigorosidade da proposta artística do festival, dos procesos creativos xurdidos no mesmo e dispoñer da asesoría e apoio especializado, o festival contou cunha comisión de xénero integrada por Patricia Porto Paderne, educadora social e responsable da librería feminista Lila de Lilith; Marián Mariño Costales, Técnica de Igualdade do Consello da Cultura Galega; Xoana Almar, muralista e socia da cooperativa Cestola na Cachola; e Eva Agra, ilustradora feminista, autora de Mulleres Bravas da Nosa Historia e socia de 7h Cooperativa Cultural. As catro colaboraron xunto á comisaria na conformación da proposta artística do festival a través da asesoría na selección de participantes, na elección de espazos a intervir e na implicación dos colectivos de cada un dos municipios coas artistas convidadas.

VI. CONCLUSIÓN

En base aos obxectivos formulados con anterioridade ao desenvolvemento do festival, o balance é moi positivo. Atendendo a que un dos propósitos centrais do Delas Fest foi combater, desde o exemplo da experiencia a pé de rúa, á invisibilización do traballo das artistas na arte urbana, cremos probada a contribución do festival a este fin. Os resultados dos faladoiros e das distintas actividades de creación, que deron lugar a oito intervencións artísticas, sumando ás das creadoras convidadas e as colectivas realizadas nos talleres

dementiron o discurso, tan dominante nas instancias académicas dedicadas á investigación desta disciplina como aínda arraigado entre profesionais do sector, que desdeña o rol das mulleres na arte urbana baixo a escusa da súa suposta inexistencia ou da igualmente falsa “menor calidade” das súas obras.

Nese senso, as artistas participantes trasladáronnos o seu agradecemento pola creación dunha proposta coma esta, que cualifican de necesaria tanto pola presenza aínda minoritaria de mulleres en festivais e grandes citas do sector, como por supoñer unha oportunidade para establecer espazos de diálogo. Ademais, todas destacaron a liberdade creativa outorgada pola organización do festival, para cuxa participación non precisaron enviar nin un bocexo previo nin axustar a unha temática determinada con anterioridade, como resulta habitual en moitas outras citas do sector.

Por outra banda, no referente aos espazos de diálogo construídos, destacamos como outro dos aspectos positivos desta primeira edición do festival a estupenda acollida da programación por parte da veciñanza, das asociacións e colectivos de toda a comarca. Tanto o Coro Son Elas como a Asociación Cultural A Mámoa e os colectivos usuarios da Casa do Matadoiro sinalaron o interese dos vínculos xerados coas artistas e agradeceron ter sido parte do festival. Igualmente, é tamén destacable o feito de que durante o traballo a pé de rúa das artistas, foron numerosas as persoas que se achegaron ás distintas localizacións para a observar o proceso, sempre con vontade de parabenizalas. Así, cremos que tamén a veciñanza dos distintos espazos intervidos, indirectamente implicada nas obras en tanto que usuarias do espazo público, son tamén destinatarias satisfeitas co resultado do festival.

En canto ás persoas participantes nos obradoiros, cabe sinalar a implicación e interese amosado por todas elas e a súa valoración positiva, tanto polo enfoque como polas dinámicas de aprendizaxe xeradas.



